

Guía de lectura de Píramo e Tisbe

Análise do texto

- 1) ¿Cal é o tema desta historia?
- 2) ¿Onde sucede a historia e quen son os seus protagonistas?
- 3) Divide a narración nas partes que creas necesarias. Podes axudarte da clásica partición de presentación, nó e desenlace.
- 4) ¿Como conseguen comunicarse Píramo e Tisbe?
- 5) ¿Que deciden ante a imposibilidade de amarse?
- 6) ¿Como se consuma a traxedia?
- 7) ¿Que cambia de cor co sangue dos amantes?
- 8) A pesar do trágico final que hai de positivo nos momentos finais da historia.

Textos e imaxes

Fíxate na ilustración que acompaña o texto da historia e identifica nela os distintos episodios da mesma.



Imagen 45: La historia de Píramo y Tisbe (Anónimo, 1484)

Taller de creación

- a) Realiza unha dramatización desta historia e escenifícaa cos teus compañeiros.
- b) Inventa unha historia cos elementos fundamentais desta: mozos namorados, familias enfrontadas, final trágico. Podes ambientala na actualidade e no ambiente que ti queiras.

Despois dos clásicos

A historia de Píramo e Tisbe é similar a unha famosa obra de teatro de William Shakespeare. ¿Cal? ¿Que teñen en común ambas historias?

Hai na historia do cine un musical, *West Side Story*, que toma os momentos esenciais do seu argumento da historia de Píramo e Tisbe. Busca o argumento desta película e identifica estes momentos.

Os clásicos e nós

1) Na historia de amor destes mozos os pais de ambos opóñense a súa relación e prohíben a súa voda. ¿Cres que fan ben os pais? ¿Ata que punto deben os pais intervir na vida dos fillos? Pon exemplos concretos.

2) Os dous mozos optan por fuxir. ¿Xustificaría a súa acción? ¿Deberían tentar falar cos seus pais?

3) ¿Deben os mozos poder elixir en liberdade estudos, amores e amigos?